

Adxudicación provisional da obra “Humanización da Praza Maior de As Neves”.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión de 22 de agosto de 2008, adxudicouse provisionalmente o contrato de obras de “Humanización da Praza Maior de As Neves” o que se publica aos efectos do establecido no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

1. Entidade Adxudicadora.
 - a) Organismo: Concello das Neves.
 - b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2. Obxecto do contrato.
 - a) Tipo de contrato: De obra.
 - b) Descrición do obxecto: “Humanización da Praza Maior de As Neves”, conforme ao proxecto técnico do mesmo nome, redactado polo enxeñeiro de camiños Alberto Moreno García e aprobado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2008.
 - c) Lote: Non hai lotes.
 - d) Publicidade: Realizáronse invitacións. Anuncio no Perfil do Contratante o 1 de agosto de 2008.

3. Tramitación e Procedemento de Adxudicación.
 - a) Tramitación: Ordinaria.
 - b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4. Prezo do Contrato.

Prezo: 166.373,99 euros e 26.619,84 euros de IVE.

5. Adxudicación Provisional.
 - a) Data: 22 de agosto de 2008.
 - b) Contratista: Belypa Construcciones, S.L.
 - c) Nacionalidade: Española.
 - d) Importe e características da adxudicación: Prezo de 166.373,99 euros e 26.619,84 euros de IVE, debendo executar obras cun orzamento total de execución de 51.876,69 euros (dos que 4.819,27 euros corresponden a unha mellora na calidade de materiais e 32.761,64 euros a melloras na cantidade de unidades de obra), así como executa-las no prazo de 4 meses –que significa unha redución de 60 días naturais sobre o tempo marcado no proxecto-, e debendo responder das mesmas nun prazo de 18 meses máis sobre o estipulado, elevándose a un total de 30 meses de garantía.

Contra este acto de adxudicación provisional que é un cato de trámite, poderá interpoñerse recurso especial en materia de contratación sempre que se cumpran os

requisitos establecidos no artigo 37 da Lei de contratos do sector público e recurso potestativo de reposición de conformidade co artigo 107 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As Neves, 22 de agosto de 2008.

A Alcaldesa-Presidenta acctal.,

Asdo.: M^a del Carmen Gil Alvarez.